


## Calendario e participación



### PAÍSES PARTICIPANTES

Case 100 países



### CALENDARIO

2025: Recollida de datos  
2026: Publicación de resultados



Queres máis información?  
Escanea o código QR!



## Programa Internacional para a Avaliación do Alumnado



PISA é un estudo internacional que avalía o que o alumnado sabe e é quen de facer ao finalizar a Educación Secundaria Obrigatoria.

O obxectivo cardinal de PISA (*Programme for International Student Assessment*) é coñecer até que punto o alumnado pode extrapolar o que sabe, pensar a través das materias curriculares, aplicar o seu coñecemento de forma creativa a situacións descoñecidas e mostrar como desenvolve estratexias eficaces de aprendizaxe. Por exemplo, coñecer certos contidos da bioloxía celular, a xeoloxía ou a ecoloxía, e á vez saber ver as fronteiras do que a ciencia pode aseverar, entender que os paradigmas cambian, e concibir ou interpretar distintas solucións científicas a un problema dado dentro dun contexto. Se se aprende a aprender, cadaquén poderá pensar con criterio propio, traballar cos demais e chegar até onde se desexe.

A nova edición de PISA 2025 ten as ciencias como dominio principal, ademais de avaliar tamén as competencias en matemáticas e lectura, e inclúe a avaliación internacional de lingua estranxeira (neste primeiro ciclo será o inglés). Tamén se avalía, como dominio innovador, a aprendizaxe no mundo dixital, co propósito de medir a capacidade do alumnado para resolver problemas a través de medios dixitais e coñecer o seu grao de autorregulación da aprendizaxe.

Na primavera de 2025 terá lugar o Estudo Principal, no que se realiza a recollida de datos. A publicación dos resultados desta edición farase no outono de 2026.

PISA é un esforzo cooperativo entre os países participantes, as persoas especialistas nacionais e internacionais, o consorcio do estudo e a OCDE, que mostra, á súa vez, que as melloras en educación dependen da colaboración de todos os membros da comunidade educativa.

## Que se avalía?

### COMPETENCIA PRINCIPAL

Ciencias

### COMPETENCIAS

**Secundarias:** Lectura e Matemáticas

**Innovadora:** Aprendizaxe no mundo dixital



ENG

### OPCIÓN INTERNACIONAL

Inglés



## Quen participa?

### MOSTRA

Aleatoria e representativa  
Estudantes de 15-16 anos  
En todas as Comunidades Autónomas

## Como se avalía?

### INSTRUMENTOS

Probas cognitivas  
Cuestionarios de contexto

